

Marcos Vázquez Mosteiriz e Pablo Yáñez Goñi

Nos meus ollos daba o sol,
fóra os cas ladraban
e as vellas sachaban,
e na fiestra, vin un caracol.

Ao levantarme da cama
fuxín buscar a Ana
cando de súpeto, caín cunha rama
onde ao lonxe ela ría, coma unha pagana.

Veu a axudarme
e rematei no piso
agora por iso,
pola súa axuda, conseguín levantarme.

Atopabamonos en Cambados
moi desamparados,
polo tanto fumos a igrexa
onde a resposta foi complexa.

Despois do que nos dixo o cura
fumos cara a aventura
preparámonos con inxenio
a procura do gremio.

Nun abrir e cerrar de ollos
descubrimos o meollo,
cando notaron a nosa presenza
liscamos cara Florencia,
para evitar a violencia.

Ao chegar país da bota
poidemos bailar unha xota,
e agora para despedirnos
unha aperta e moitos agarimos.